

LINGUA GALEGA

O próximo domingo, 17 de maio, celébrase o **Día das Letras Galegas**. É unha celebración que se realiza todos os anos para homenaxear e recordar ás persoas que escribiron libros no idioma galego.

Este ano homenaxeamos a Don Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910- Santiago de Compostela 1990). *Carvalho* é como escribía o seu apelido Don Ricardo, tamén se pode escribir Carballo.

1. Contesta.

- A quen se homenaxea este ano o Día das Letras Galegas?.....
.....
- Naceu en Ferrol, en que ano?
- Busca esta localidade no mapa de Galicia. En que provincia está? A
- Morreu en 1990, en que cidade?

2 . Le a súa poesía, na segunda folla, e escribe.

- . Título da poesía:
- . Numero do andar (piso)no que vivía vivía el: E súa tía avoa?.....
- . Sabes o que é unha / un tía / tio avó?.....
- . Se tes algún/ algunha tío ou tía avó/avoa escribe os seus nomes propios:.....
.....
- . Na súa casa tiñan pombas e un gato. Que clase de animais vertebrados son as pombas?

Son..... E os gatos os gatos?Son

3. Colorea os nomes propios da poesía. Rodea co encarnado as maiúsculas e os puntos.

Ferrol 1916

Cinco duros pagabamos de aluger.
Era un terceiro andar, ben folgado.
Pola parte de atrás daba para o Campiño,,
E por diante para a rúa San Francisco.

No segundo vivía a miña tía avoa:
tiña unha peza chea de paxaros disecados
que só abría os días de festa
para que os nenos .disfrutásemos dela.

Ainda vivía a miña nai
E todos os meus irmás vivían
E en frente traballaba o señor Pedro
E a grande tenda de efectos navais mantiña o seu trafego

Na casa tiñamos pombass,
e , por suposto, ,un grande gato mouro;
E o meu pai era novo aínda
E no mar do mundo cada día desoubría eu unha illa

Vía o mar da miña fiestra
E chegaban cornetas da mariña.
E baixaba os pasos dúas veces ao día para ir á escola´
E dúas veces rubíaos de volta´

As mulleres entón usaban capa e corsé.
E íamos á aldea en coche de cabalos,
E a rúa estaba ateigada de pregóns de sardiñas
E de ingleses que vendían Biblias.

Todo esto queda tan lonxe
Que apenas podo aínda lembralo.

Esquenceríao dentro de pouco

Se non escribise estes versos.

4.- Clica neste enlace e escoita o conto: <https://youtu.be/qhVefk9RKps>

.- Cómo se titula?-----

----- cómo se chama a protagonista?: -----

6.-Completa: A vaca é un animal:----- come herba
por eso chámase:-----,como ten
esqueleto é un animal:-----

O seu corpo está cuberto de:-----e ademais, deste
animal que comemos:-----

7.-Podes facer un debuxo?

